

Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

1. Linguas minoritarias e linguas minorizadas

Tradicionalmente, o concepto de lingua minoritaria aplicábase a aquelas linguas maternas que se empregaban só nunha parte dun país con outra lingua oficial, sen atender ao número de falantes; sería o caso, por exemplo, do corso, catalán, vasco, bretón, neerlandés ou alemán en Francia. Porén, a situación destas linguas non é a mesma para todas: así, o alemán non corre ningún perigo, pois é a lingua empregada por cinco millóns de falantes (en Alemaña, Austria e Suíza), mentres que o bretón só o empregan 300.000 persoas en Francia, onde non é oficial, e corre o perigo de desaparecer. Outro caso significativo pode ser o feroés, lingua oficial nas Illas Feroe (Dinamarca), empregado por 45.000 persoas pero que ten carácter oficial, emprégase na administración, no ensino, nos medios de comunicación...

Cómpre pois diferenciar entre **lingua minorizada** (ou lingua B), aquela que no seu territorio se ve ameazada pola presión exercida por unha lingua máis forte (ou lingua A), e **lingua minoritaria**, aquela que ten un número reducido de falantes. Podemos así atopar linguas minoritarias pero non minorizadas, como o feroés, e linguas non minoritarias pero si minorizadas, como o galego.

Algunhas características das linguas minorizadas son:

- están excluídas dos usos institucionais como a xustiza, a relixión, o ensino ou a prensa, que se desenvolven na lingua dominante;
- os seus falantes non están obrigados a coñecer a súa lingua pero si a dominante ou hexemónica, necesaria para medrar socialmente;
- aínda que non teñan competencia na lingua dominante, son considerados parte da súa comunidade (indíxenas iberoamericanos que só falan quechua ou aimará son considerados hispanoparlantes).

2. A minorización lingüística. A política lingüística e a normalización

Nas situacións de linguas en contacto poden detectarse procesos de **substitución lingüística**, cando unha lingua minorizada, desprestixiada, vai perdendo funcións e ámbitos de uso polo empuxe dunha lingua dominante, empregada nos contextos máis prestixiados.

Para resolver estas situacións conflitivas, os organismos competentes levan a cabo unha **política lingüística**, é dicir, toman medidas de carácter político para excluír ou promover unha lingua nunha determinada función. O desequilibrio lingüístico corríxese mediante a **normalización lingüística**, a política que procura que unha lingua minorizada se empregue nas funcións sociais das que está excluída, que abandone o carácter de ameazada e o status de minorizada.

A normalización dunha lingua debe facerse en dúas direccións: a normalización do corpus, é dicir, a elaboración dunha variedade estándar ou modelo de lingua oficial; e a normalización do status, é dicir, o emprego normal da lingua en calquera ámbito, contexto ou situación.

3. O caso galego

3.1. Lingua minoritaria ou minorizada?

Segundo as estatísticas sociolingüísticas, tres millóns de persoas falan ou saben falar galego: un 61,21% fala só ou maioritariamente galego, fronte a un 38,28% que o fai en castelán; e un 52,02% aprendeu a falar galego, fronte a un 30,07% que o fixo en castelán e un 16,31% que o fixo nas dúas linguas. Podemos concluír, logo, que o galego é a lingua maioritaria na nosa comunidade; e se o comparamos coa situación mundial, onde o 94,7% das linguas teñen menos de

un millón de falantes, estaría incluído nese 5,3% restante con un millón ou máis de falantes.

Porén, hai datos que permiten afirmar que o galego si é unha lingua minorizada:

- canto aos **usos institucionais**, o galego é a lingua oficial das institucións públicas (concellos, deputacións, Xunta, universidades), pero emprégase pouco na prensa diaria, na radio e na televisión, no cinema, na publicidade, no ensino superior, na xustiza, no culto relixioso, en clara desvantaxe con respecto ao castelán;

- no tocante ao **coñecemento da lingua**, na Constitución aparece a obriga de coñecer o castelán e o dereito a usar o galego: os galegos están obrigados a saber o castelán, non a usalo; e poden empregar o galego pero non están obrigados a sabelo. É unha situación legal asimétrica pois non é obrigatorio saber as dúas linguas; por outro lado, moitos galegofalantes teñen serias dificultades coa lectura e coa escritura do galego pero non do castelán;

- sobre a **consideración da comunidade**, os galegofalantes son considerados parte da comunidade castelanfalante; exemplo diso poden ser as empresas que se dirixen aos seus clientes galegos en castelán.

3.2. Explicación histórica da minorización e da normalización do galego

O galego comezou a converterse nunha lingua minorizada cando o centro político se instalou en Castela e o castelán se consolidou como lingua do Estado e dos poderes sociais. Así, o castelán pasou a ser a lingua forte, con prestixio político, social e cultural e provocou a minorización das outras linguas da Península. A única lingua oficial, válida para se relacionar coa administración, para o ensino, para o culto relixioso... era o castelán. Os altos funcionarios do Estado e da Igrexa que actuaban en Galicia proviñan de fóra dela e falaban castelán. As clases dominantes empregaban o castelán e o galego deixou de usarse na escrita, tanto literaria como administrativa.

Coas reivindicacións galeguistas do século XIX e co cultivo literario do galego, comezou o proceso de normalización lingüística que alcanzou o rango de política institucional coa aprobación do Estatuto de Autonomía. A chegada da democracia permitiu tomar medidas institucionais conducentes á normalización lingüística do galego como as seguintes:

- a cooficialización do galego e o emprego do galego nas institucións políticas oficiais;
- a introdución do galego no ensino como obxecto de estudo e como lingua vehicular;
- a creación da RTVG, unha radio e unha televisión que empregan maioritariamente o galego;
- a creación dunha variedade estándar;
- a produción de campañas institucionais de fomento do emprego da lingua;
- a promoción da vida cultural en galego mediante políticas culturais de fomento do galego no teatro, na literatura, na música...

A situación sociolingüística do galego mellorou considerablemente desde a chegada da democracia, co recoñecemento dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes, aínda que tamén se poden constatar datos negativos como o descenso do número de falantes de galego como lingua inicial. A transmisión xeracional de pais a fillos, rota nos anos sesenta do século XX, comeza a recuperarse e hoxe en día empregar o galego nunha conversa con alguén castelanfalante non está mal visto. Hai un lixeiro aumento de galegofalantes ao constatar-se un transvase de persoas castelanfalantes cara ao monolingüismo en galego.

Estes datos permiten afirmar que o galego é unha lingua en vías de normalización, pero este é un proceso aínda sen rematar.